



Resolución do 29 de decembro de 2017 da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica pola que se convoca o procedemento de adhesión ao programa Tarxeta benvida para a ampliación dos seus beneficios

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2015 o Programa de Apoio á Natalidade (PAN-Galicia), un programa global que persegue dar resposta ás necesidades das familias, garantir o seu benestar e apoialas de maneira integral e continua. Ao abeiro deste programa, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 17/12/2015, acordou poñer en marcha a Tarxeta Benvida, unha actuación de beneficio social para as familias que ten como finalidade paliar o custo que comporta o coidado dos fillos e fillas.
2. Esta actuación consiste, basicamente, no financiamento pola Administración, a través da Consellería de Política Social, dunha cantidade a cada familia que cumpra os requisitos da actuación e teña un fillo/a, adopte ou estea en situación de garda con fins adoptivos dun/dunha neno/a menor dun ano. Na convocatoria do ano 2018 recóllense como novidades a consideración das especiais circunstancias das persoas galegas que, residindo no exterior, decidan volver a Galicia, para que poidan optar á axuda, e a súa extensión ata que o neno ou nena cumpra os tres anos de idade para aquelas familias cuxa renda sexa igual ou inferior aos 22.000 euros.
3. Con esta axuda se pretende contribuír a sufragar os gastos derivados da crianza do neno ou nena, e deste xeito, a que as familias poidan atender os maiores gastos que supón o nacemento, derivados da adquisición de produtos básicos para o neno ou nena.
4. A contía da axuda, con carácter xeral, será de 1.200 euros a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do neno ou nena. No caso de garda con fins adoptivos ou adopción, o dereito á percepción da axuda producirase dende o mes no que se emita a resolución administrativa ou xudicial e ata que o neno ou nena cumpra un ano.



Para aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 € a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos nas seguintes contías:

- 600 €/ano, a razón de 50€/mes, se é o primeiro fillo/a
- 1.200 €/ano, a razón de 100€/mes, se é o segundo fillo/a
- 2.400 €/ano, a razón de 200€/mes, se é o terceiro/a ou sucesivos/as

A dita tarxeta serve para a compra de produtos de necesidade básica do neno ou nena no seu primeiro ano de vida e só pode utilizarse en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.

5. Os requisitos das familias para poder acceder ao dito beneficio ou axuda, son os seguintes:
- Ter a residencia habitual en Galicia.
 - Para as galegas e os galegos e os seus descendentes que tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2018, estar en posesión da nacionalidade española antes do seu retorno.
 - Ter un/unha fillo/a, tanto por natureza como adopción, menor dun ano ou un/unha neno/a desta idade en situación de garda con fins adoptivos.
 - Que a renda da unidade familiar, sumadas a base imponible xeral e a base imponible do aforro da declaración do imposto da renda das persoas físicas (IRPF), non supere os 45.000 €; ou que a renda per cápita, entendida como a suma das bases impositibles xeral e do aforro dividida entre o número de persoas membros da unidade familiar, non supere os 13.500 €.
 - Que a renda da unidade familiar non supere os 22.000 €, para ter dereito a ampliación da axuda ata que a nena ou neno cumpra os tres anos de idade.
6. Establecida a dita axuda, e para a mellora e ampliación dos efectos da Tarxeta benvida, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica considerou a posibilidade de desenvolver un programa máis amplo vinculado á posesión da Tarxeta benvida e de que as persoas físicas ou xurídicas interesadas puideran adherirse a el, colaborando coa finalidade última do programa e ampliando os beneficios que comporta a dita tarxeta.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A competencia para ditar esta resolución é da directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, de conformidade co disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.
2. O obxecto desta resolución é convocar o procedemento para a adhesión ao desenvolvemento do programa Tarxeta benvida, coa finalidade de ofertarlle ás familias titulares da dita tarxeta unha ampliación e mellora dos seus beneficios ao presentala nos establecementos que se adhiran a este programa.
3. Poderán adherirse a este programa as persoas físicas ou xurídicas que teñan oficinas ou establecementos de libre acceso ao público na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. A ampliación dos beneficios concedidos ás familias titulares da Tarxeta benvida (descontos, obsequios, ofertas especiais...) é fixada libremente por quen os ofrece, así como o tipo de servizo, produto ou prestacións nos que os aplica.

Estas vantaxes e/ou descontos serán aplicados a toda a clientela que sexa titular dunha Tarxeta benvida, sen ningún requisito a maiores.

5. A Consellería de Política Social resérvase o dereito de non aceptar as vantaxes que, polo seu contido e características, non se axusten aos obxectivos do programa Tarxeta benvida, o que se comunicará por escrito.
6. Os beneficios ou/e descontos outorgados non dan lugar, en ningún caso, a unha remuneración económica por parte da Consellería de Política Social.
7. Esta dirección xeral non asume ningunha obriga xurídica máis alá do compromiso, de acordo coa competencia que ten atribuída, de recoller dentro da publicidade do programa os beneficios que se vaian incorporando a el, e de comunicarllos ás persoas titulares da Tarxeta benvida.



8. O prazo de duración da adhesión estenderase dende o momento da sinatura do acordo de adhesión ata o da vixencia das sucesivas convocatorias da axuda que publique a Xunta de Galicia.
9. As propostas de adhesión poderán presentarse a partir da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Política Social e durante todo o tempo que estea en vigor o dito programa.

A proposta de adhesión axustarase ao modelo que se atopa na web da Consellería de Política Social e irá dirixida á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Consellería de Política Social, con enderezo no Edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15701 Santiago de Compostela.

A dita proposta deberá presentarse no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asemade, a presentación da proposta deberá ser comunicada ao correo electrónico dxfamilia.politicasocial@xunta.es dentro do prazo establecido no parágrafo primeiro deste apartado, indicando no asunto “adhesión ao programa Tarxeta benvida”.

A Consellería de Política Social subscribirá un acordo de adhesión con cada unha das persoas físicas ou xurídicas cuxas propostas sexan aceptadas.

Os modelos de proposta e do acordo de adhesión atópanse a disposición das persoas interesadas na páxina web da Consellería de Política Social <http://politicasocial.xunta.gal/web/portal/>



Por todo o anterior, **RESOLVO**:

Convocar o procedemento de adhesión ao programa Tarxeta benvida para a ampliación dos seus beneficios.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro de Política Social, segundo os artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 02/10/2015). O prazo para interpoñer o dito recurso será dun mes, que comezará contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017.

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica



M^a Amparo González Méndez